

CONVOCATORIAS ASISTENCIAS TÉCNICAS PARA A TITORIZACIÓN DA QUINTA EDICIÓN DO CURSO EN LIÑA “HÁBITAT A ESCALA HUMANA” 5ª Edición.

OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

O obxectivo desta convocatoria é a selección dunha persoa ou un equipo consultor para a revisión e actualización dos contidos e a titorización do curso en liña de ASF-Galicia, no marco do *“Proxecto de difusión do dereito ao hábitat dende un enfoque transdisciplinar e de xénero a través da formación e sensibilización de axentes multiplicadores clave e alumnado de secundaria na cidade da Coruña”* –co acrónimo DH2018-19- promovido pola ONGD Arquitectura Sen Fronteiras e en colaboración cDe cara á **titorización do curso** a persoa ou equipo de consultoría seleccionado para a asistencia técnica deberá encargarse das seguintes tarefas:

ANTES DO COMEZO DO CURSO

Cos contidos dos módulos do curso que lle serán entregados por ASF, a persoa ou equipo seleccionado deberá elaborar o seguinte material:

1. Elaboración de documento de planificación. Enviarase un documento con extensión máxima de catro páxinas onde se explique a metodoloxía a seguir definindo os criterios de avaliación e unha breve programación das actividades e un cronograma que se axuste o da guía de aprendizaxe.
2. Elaboración na plataforma e selección de tres cuestionarios de avaliación tipo test de 10 preguntas para os módulos 1, 2 e 3 cubrindo o conxunto das temáticas dos mesmos. Falcilitaranse os das edicións anteriores.
3. E relación de alomenos 5 materiais audiovisuais e ou sonoros complementarios para a titorización dado o carácter virtual do mesmo.
4. Redacción dun exercicio práctico de avaliación do estudante. O devandito exercicio deberá cubrir a totalidade dos contidos tratados nos módulos 1, 2 e 3. A explicación do exercicio deberá ter un mínimo de 3.000 caracteres (entre contextualización, enunciado, obxectivos, documentación a entregar por parte do estudante e a bibliografía específica do exercicio).

DURANTE O CURSO

1. Resolución de dúbidas do alumnado sobre os contidos e dinámicas do módulo. A persoa ou equipo consultor terá que resolver as dúbidas expostas polo alumnado en relación aos contidos do curso. As preguntas deberán ser respondidas nun prazo máximo de 24h, sen incluír os fins de semana ou festivos. Así mesmo, se as dúbidas expostas polo alumnado non se poden resolver polo foro de forma áxil, poñerase unha hora de atención en liña para resolver as dúbidas a través do chat.
2. Dinamización de foros. Os foros do curso son o espazo que dispón o alumnado para intercambiar experiencias, coñecementos e expoñer as súas dúbidas. O equipo de seguimento encargarse de dinamizar este espazo e de motivar ao alumnado para participar nel, incorporando información complementaria ou dando seguimento ao traballo realizado polo alumnado. Especialmente realizará estes labores no foro de presentación, sendo o primeiro en abril e presentarse aos alumnos/as.
3. Programar unha sesión de chat a semana.
4. Corrección de prácticas. O equipo de seguimento encargarse de corrixir e avaliar as prácticas facendo unha valoración de, polo menos, 150 palabras na que se sinalen os aspectos acertados e aqueles a mellorar.

AO FINALIZAR O CURSO

1. Elaboración de informe resumo coas mellores prácticas do curso. A persoa ou equipo consultor elaborará un informe resumo coas mellores prácticas e as súas aprendizaxes que estarán a disposición de todo o alumnado. Neste informe incorporaranse as dúas ou tres mellores prácticas e farase unha valoración de polo menos duascenas palabras nas que se sinalarán os aspectos positivos das mesmas.

Elaboración dun informe final de titorización. Entregarase un informe final, dunha extensión máxima de dez follas, que recollerá a seguinte información: participación do alumnado, posibles incidentes, resumo de dúbidas expostas, informe de cualificacións finais, avaliación xeral da organización do curso e aspectos a mellorar.oa Universidade de A Coruña co cofinanciamento da Subdirección Xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia.

CONTEXTO

A demarcación de Galicia de Arquitectura Sen Fronteiras, contando co apoio da Subdirección Xeral de Cooperación da Xunta de Galicia levará a cabo no período 2018-2019 o *"Proxecto de difusión do dereito ao hábitat dende un enfoque transdisciplinar e de xénero a través da formación e sensibilización de axentes multiplicadores clave e alumnado de secundaria na cidade da Coruña"*. Este proxecto abrangue varias dimensións da Educación para o Desenvolvemento (Sensibilización, Formación, Comunicación - Intercambio de experiencias) e incide no colectivo educativo formal e informal (de profesionais multiplicadores e alumnado de secundaria) así como da sociedade en xeral.

Como parte deste proxecto, e antes da finalización do proxecto no ano 2019, tense previsto a reedición do curso en liña "Hábitat a Escala Humana" na súa 5ª Edición.

CONVOCATORIA

Así, a través da presente convocatoria publícanse as ofertas de consultaría para a realización dunha asistencia técnica:

- Titorización do curso en liña "Hábitat a Escala Humana". Composto por tres módulos.
- a. módulo 1 (introdución ao hábitat)
 - b. módulo 2 (hábitat e xénero)
 - c. módulo 3 (xestión social do hábitat)

TAREFAS A REALIZAR POLA/S PERSOA/AS OU EQUIPO/S SELECCIONADOS

- 2.

FORMATOS DA DOCUMENTACIÓN

O formato será en tódolos arquivos con tamaño A4, fonte Arial e tamaño de letra 11. Deberán diferenciarse por tamaño de letra os pés de páxina e as citas irán entrecorilladas e referenciadas. Todas as páxinas estarán numeradas.

Ao principio do documento estará o índice, a continuación o desenvolvemento do documento

teórico segundo o índice e ao final de todo a bibliografía e material audiovisual a empregar. A continuación a persoa ou equipo de titorización poñerá os cuestionarios de avaliación propostos.

Tódolos títulos irán en negrita a un tamaño Arial 13 e os subtítulos irán en negrita co mesmo tamaño dos textos.

Tódolos documentos entregaranse preferiblemente en galego

No momento de inicio da consultoría entregarase á persoa ou equipo consultor acceso o material dispoñible a nivel interno (contido das formacións en Arquitectura e Cooperación desenvolvidas previamente por ASF) sobreentendendo que os devanditos contidos poden resultar útiles ao equipo consultor, pero que en caso de ser usados deben ser actualizados e adaptados ao formato de formación en liña por parte do equipo consultor.

Entregarase a documentación final en formato .pdf, e os arquivos orixinais editables en formato dun programa de edición e maquetación compatible (.doc ou .odt) para a edición da práctica.

IDIOMAS E AUTORÍA

- A autoría do traballo producido no marco desta consultoría estará recoñecida nos créditos do espazo de formación, os cales serán publicados mediante licenza CreativeCommons - Copyleft por parte de ASF.

PRAZOS E SEGUIMIENTO

Prazos convocatoria

03/05/19 – Lanzamento da convocatoria e apertura do prazo de recepción de candidaturas.

15/05/19 – Finalización do prazo de recepción de candidaturas.

01/06/19 – Resolución da convocatoria

Prazos e seguimento titorización curso en liña:

01/07/19 – **26/11/19** – Realización da titoría do curso en liña. O proceso se desenvolverase da seguinte maneira:

Fase previa

31/07/19 – Entrega documento planificación do curso; cuestionarios módulo 1, 2 e 3; enunciado da práctica do curso e relación de materiais audiovisuais e sonoros complementarios para a titorización por apartados.

Fase titorización

01/09/19 – **02/11/19** – Realización do seguimento do curso na plataforma de Moodle. Resolución de dúbidas ao alumnado e dinamización do foro.

02/11/19 – **16/11/19** – Entrega das prácticas do curso e corrección destas.

16/11/19 – **20/11/19** – Entrega das prácticas corrixiadas e período de reclamacións e comentarios.

23/11/19 – Finalización do curso en liña.

26/11/19 – Entrega de informes finais do curso a ASF. Entrega da factura e pago da consultoría correspondente.

REMUNERACIÓN

A titorización do curso en liña será obxecto dunha **retribución bruta de 1250,00 Euros (impostos que correspondan incluídos)**.

A retribución realizarase nun único pago tras a entrega da factura correspondente a súa finalización, segundo as datas previstas nos presentes termos de referencia.

CANDIDATURAS

As persoas ou equipos interesados enviarán a súa candidatura á dirección gteducacion.gal@asfes.org antes do día 15 de maio de 2019, especificando:

- Datos de contacto.
- Convocatoria á que se postula e compromisos de idiomas (*ver anexo I*).
- Currículum Vitae acreditando os méritos e coñecementos precisos relacionados coas tarefas a desenvolver.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Titorización do curso en liña (sobre una puntuación total de 100 puntos):

- Titorización en edicións anteriores do curso (ata 10 puntos)
- Experiencia profesional demostrada en relación á temática de cada un dos módulos do curso (ata 20 puntos)
- Experiencia profesional e formación pedagóxica (ata 30 puntos)
- Cursos de especialización e/ou posgrao relacionados coas temáticas dos módulos (ata 10 puntos)
- Seminarios e cursos recibidos relacionados coas temáticas do curso (ata 10 puntos)
- Coñecemento no manexo da plataforma Moodle (ata 10 puntos)
- Dominio dos idiomas castelán e galego (ata 10 puntos)

En caso de empate darase prioridade da seguinte forma:

- A equipos fronte a persoas individuais.
- A aquelas persoas que formen parte de ASF.
- A aquelas persoas que formen parte do GT Educación de ASF-Galicia.
- A persoas e equipos do ámbito da comunidade autónoma galega.

ANEXOS

